

INFORME XP-25-002: INFORME SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULAN AS ENTIDADES DE CERTIFICACIÓN DE CONFORMIDADE MUNICIPAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E O SEU REXISTRO

I. ANTECEDENTES

O Decreto 142/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas atribúe á Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo a coordinación das competencias e funcións en materia de vivenda, rehabilitación, rexeneración urbana, habitabilidade, urbanismo e planificación territorial, as restantes que lle atribúa o ordenamento xurídico, así como o impulso da política da Xunta de Galicia neses ámbitos.

A Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, creou no capítulo IV do título III (artigos 47 a 50) as entidades de certificación de conformidade municipal (en diante, ECCOM) coa finalidade, proclamada na súa Exposición de motivos, de que a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial poida realizarse no menor tempo posible, axilizando os procedementos de control, e de dar, ao mesmo tempo, seguridade xurídica ás persoas interesadas, aos terceiros e á propia administración.

As ECCOM configúranse na citada norma como entidades que se constitúen coa finalidade de desenvolver en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia actuacións de certificación, verificación, inspección e control da conformidade de instalacións, establecementos e actividades coa normativa de aplicación non ámbito municipal. A intervención destas entidades será facultativa e non substituirán, en ningún caso, as potestades de comprobación, inspección ou calquera outra da administración, pero serán as responsables fronte a ela dos extremos obxecto de certificación.

O artigo 48 desta lei encomendaba á consellería competente en materia de seguridade industrial a autorización e rexistro das ECCOM, ao tempo que remitía ao desenvolvemento regulamentario o establecemento das normas necesarias para iso, así como as súas obrigas e os requisitos exixibles para o desenvolvemento das súas actividades e a súa acreditación.

A devandita lei foi desenvolvida polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, que regula detalladamente no seu Título IV as ECCOM e crea un rexistro dependente da consellería competente en materia de seguridade industrial no que se inscribirán de oficio as entidades que presenten comunicación previa ao inicio da súa actividade perante a dita consellería.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



Con posterioridade, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, deu un paso máis na colaboración entre a administración e as ECCOM, e no seu artigo 54, estendeu o réxime das solicitudes de licenza e comunicacións previas presentadas con certificación de conformidade emitida por unha ECCOM aos actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo para as actuacións de desenvolvemento de solo residencial.

Partindo deste marco normativo, a Lei 7/2022, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, mediante a introdución dun novo artigo 146.bis), no que se recolleu a posibilidade de que as solicitudes de licenza urbanística e as comunicacións previas que teñan por obxecto actos de edificación ou de uso do solo ou do subsolo se presenten acompañadas dunha certificación de conformidade coa legalidade urbanística e co planeamento aplicable emitida por unha ECCOM.

Esta nova regulación prevía as seguintes consecuencias derivadas da intervención destas entidades na tramitación dos títulos habilitantes municipais de natureza urbanística:

- No caso de solicitudes de licenzas, os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a conformidade da solicitude coa legalidade urbanística exixidos pola normativa urbanística pasarán a ser facultativos e non preceptivos. Ademais, o prazo de resolución do procedemento se reducirá a un mes, fronte aos tres meses exixidos con carácter ordinario.
- No caso de comunicacións previas, a súa presentación habilitará con efectos inmediatos para a realización do acto de uso do solo ou do subsolo que constitúa o seu obxecto, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do concello respectivo

Posteriormente, a Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, modificou tanto a Lei 9/2013, do 19 de decembro, como a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, coa finalidade de unificar o réxime xurídico das ECCOM e atribuír á consellería competente en materia de urbanismo as funcións relativas á súa autorización e rexistro, así como a competencia sancionadora.

Ademais, como novidade salientable, esta lei modificou o artigo 146.bis) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, para atribuír ás certificacións de conformidade emitidas por unha ECCOM que acompañen ás solicitudes de licenzas a mesma validez e efectos que os informes técnicos e xurídicos municipais, que se entenderán substituídos polas ditas certificacións.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



Pola súa banda, o artigo 48.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, establece que regulamentariamente se establecerán os requisitos exixibles para a autorización destas entidades, así como o seu rexistro, o desenvolvemento das súas actividades e o seu réxime xurídico.

Polo tanto, trala entrada en vigor da Lei 5/2024, do 27 de decembro, que modifica o marco normativo das ECCOM, é preciso desenvolver a nova regulación destas entidades e avanzar para dar seguridade xurídica aos concellos e ás persoas ou entidades usuarias ou destinatarias dos seus servizos.

II. TRAMITACIÓN

A tramitación do proxecto de decreto axustouse ao establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA) sobre o procedemento de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral.

Para estes efectos, realizáronse os seguintes trámites:

1. Acordo de inicio do procedemento

O procedemento de elaboración do anteproxecto de decreto polo que se regulan as entidades de certificación de conformidade municipal na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu rexistro iniciouse mediante acordo da conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas do 10 de xaneiro de 2025.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 13 de xaneiro de 2025, acordou tomar razón do inicio da tramitación da citada disposición.

2. Consulta pública previa

De conformidade cos artigos 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e 41.2 da LOFAXGA, con carácter previo á elaboración do anteproxecto levouse a cabo unha consulta pública previa a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto durante o prazo de dous meses co obxecto de solicitar a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectadas polo futuro decreto.

Segundo consta no certificado emitido o 5 de febreiro de 2025 pola directora da Área de

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, durante o período comprendido entre o 14 de xaneiro de 2025 e o 3 de febreiro de 2025 se expuxo publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do Portal de Transparencia e Goberno Aberto a proposta normativa do referido decreto e se recibiu unha achega/opinión a través do formulario dispoñible no propio portal de Ecutecnia.

O secretario xeral de Vivenda e Urbanismo, con data do 14 de marzo de 2025, emitiu un informe sobre o resultado da consulta previa da proposta normativa.

3. Redacción do anteproxecto de decreto

De acordo co establecido na disposición adicional décimo sexta da LOFAXGA, constituíuse unha comisión para a redacción do anteproxecto do decreto.

Unha vez finalizados os traballos de estudo e análise do texto pola comisión, o 17 de marzo de 2025 reuníronse formalmente os seus membros, acordándose a redacción definitiva do texto do anteproxecto de Decreto polo que se regulan as entidades de certificación de conformidade municipal na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu rexistro.

O citado anteproxecto acompañouse das memorias xustificativa e económico – financeira, do informe da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico – Administrativo da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, así como da táboa de vixencias das disposicións afectadas.

4. Aprobación inicial

O texto normativo foi aprobado inicialmente como proxecto de decreto pola conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas o 19 de marzo de 2025, segundo o establecido no artigo 42.3 da LOFAXGA.

5. Trámites de audiencia e información pública

A Secretaría Xeral de Vivenda e Urbanismo, con data do 20 de marzo de 2025, someteu o referido proxecto de decreto a audiencia das seguintes entidades por un prazo de quince días hábiles:

1. Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante, FEGAMP).
2. Consello da Avogacía Galega.
3. Colexio Notarial de Galicia.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



4. Colexio Oficial de Rexistradores da Propiedade e Mercantís. Decanato de Galicia.
5. Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (en diante, COAG).
6. Consello Galego de Arquitectura Técnica.
7. Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia.
8. Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Galicia.
9. Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia.
10. Colexio de Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas de Galicia.
11. Consello Galego de Enxeñerías.
12. Federación Galega da Construción.
13. Federación de Promotores de Edificación y Suelo de Galicia.
14. Colegio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia.
15. Consello Galego de Colexios de Axentes da Propiedade Inmobiliaria.
16. Asociación Española de Entidades Colaboradoras Urbanísticas (ECUTECNIA).
17. Asociación Clúster Empresas de Ingeniería, Consultoría y Servicios Tecnológicos de Galicia.
18. Asociación Gallega de Organismos de Control Autorizados.

Finalizado o trámite de audiencia, recibíronse alegacións das seguintes entidades:

1. Consello da Avogacía Galega.
2. FEGAMP.
3. Asociación Ecutechnia.
4. COAG.
5. Consello Galego de Arquitectura Técnica.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



6. Consello Galego de Colexios de Axentes da Propiedade Inmobiliaria.

Así mesmo, o proxecto de decreto foi remitido a todas as consellerías da Xunta de Galicia e realizaron observacións ao seu contido as seguintes consellerías:

1. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

2. Consellería de Economía e Industria.

Por outra banda, o proxecto de decreto foi sometido a información pública durante un prazo de quince días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 42.2 da LOFAXGA.

Segundo consta no certificado emitido o 11 de abril de 2025 pola directora da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, durante o período comprendido entre o 20 de marzo e o 10 de abril de 2025 o proxecto de decreto se expuxo publicamente no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e recibíronse cinco suxestións.

6. Informes preceptivos

En cumprimento do establecido no artigo 42 da LOFAXGA, no expediente constan os seguintes informes:

1. Informe da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica (artigos 42.9 da LOFAXGA e 8 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia) emitido o 25 de marzo de 2025.

2. Informe sobre o impacto de xénero da Dirección Xeral de Promoción da Igualdade (artigos 42.2 da LOFAXGA e 24 da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia) emitido o 1 de abril de 2025.

3. Informe do Instituto Galego de Estadística (artigo 42.1 da LOFAXGA e artigo 21 da Lei 16/2021, do 20 de decembro, do Plan galego de estatística 2022-2016) emitido o 7 de abril de 2025.

4. Informe da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico (artigo 42.1 da LOFAXGA) emitido o 2 de maio de 2025.

5. Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio (artigo 42.7 da LOFAXGA) emitido o 2 de maio de 2025.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



6. Informe da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (artigo 10 da Orde do 12 de xaneiro de 2012, pola que se regula a habilitación de procedementos administrativos e servizos na Administración xeral e no sector público autonómico de Galicia) emitido o 6 de maio de 2025.

III. CONTIDO

O proxecto de decreto ten por obxecto desenvolver o réxime xurídico das entidades de certificación de conformidade municipal na Comunidade Autónoma de Galicia e regular o seu rexistro.

Respecto da súa estrutura, consta de 51 artigos estruturados en cinco capítulos, unha disposición adicional, unha transitoria, unha derogatoria e dúas disposicións finais.

O capítulo I consta de tres artigos referidos ao obxecto, réxime xurídico das entidades de certificación de conformidade municipal e ao ámbito de aplicación da norma.

O capítulo II, baixo a rúbrica "Entidades de certificación de conformidade municipal", recolle unha definición destas entidades, a enunciación das súas funcións, os principios de actuación polos que se rexerán, os requisitos que deben reunir estas entidades para exercer a súa actividade no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e, finalmente, refírese ao persoal destas entidades.

No que atinxe aos requisitos exixidos, cómpre salientar que o proxecto de decreto opta por incrementar a contía do seguro de responsabilidade civil a 2.000.0000 € respecto da prevista no artigo 40 do Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, aprobado polo Decreto 144/2016, do 22 de setembro (1.000.000 €), por considerar que este importe resulta proporcionado á importancia da materia, ás responsabilidades asumidas e ao custo das actuacións nas que interveñen as ECCOM.

Así mesmo, resulta imprescindible, pola relevancia e efectos das funcións que van desenvolver estas entidades, o establecemento dun persoal mínimo con capacitación suficiente para o seu exercicio, tal e como se xustifica no expediente.

O capítulo III, denominado "Rexistro das Entidades de Certificación de Conformidade Municipal da Comunidade Autónoma de Galicia" conta con catro seccións nas que regula a súa natureza, estrutura e xestión, os datos inscribibles, o procedemento de inscrición, así

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



como os supostos e o procedemento para a modificación, suspensión e cancelación da inscrición.

Neste capítulo, cómpre salientar que o importante labor que van desenvolver as ECCOM tralas modificacións introducidas pola Lei 5/2024, do 27 de decembro, xustifican o establecemento dun control previo pola administración do cumprimento dos requisitos esixibles a estas entidades, e non posterior, como se prevía no Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos, no que a inscrición se practicaba de oficio pola administración trala presentación pola ECCOM dunha comunicación previa de inscrición.

O réxime de funcionamento das entidades de certificación de conformidade municipal é obxecto do capítulo IV, que conta tamén de catro seccións e incorpora unha regulación pormenorizada das funcións destas entidades, dos documentos emitidos por aquelas no exercicio destas funcións e do contido destes últimos, sen prexuízo da posibilidade de que a consellería competente en materia de urbanismo e os concellos poidan aprobar modelos de documentos.

O capítulo V establece, finalmente, as obrigas das entidades de certificación de conformidade municipal, tanto xenéricas, como as específicas fronte aos concellos e ás persoas e entidades usuarias ou destinatarias dos seus servizos. Tamén se inclúen as prohibicións e incompatibilidades destas entidades, o seu réxime de responsabilidade, control e inspección, as reclamacións contra as súas actuacións que pode tramitar calquera persoa que teña interese lexítimo e as especificacións derivadas do réxime sancionador.

Completan o texto do decreto, unha disposición adicional, unha transitoria, unha disposición derogatoria e dúas disposicións finais, así como tres anexos relativos aos modelos normalizados.

IV. INFORME DA XUNTA CONSULTIVA EN MATERIA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO E URBANISMO

O artigo 2.1.c) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo atribúe a este órgano, sen prexuízo das competencias expresamente atribuídas a outros órganos consultivos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e nos termos previstos na súa lexislación reguladora a seguinte competencia:

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal



"Informar preceptivamente os proxectos e anteprojectos normativos que afecten á ordenación do territorio e urbanismo cuxa iniciativa corresponda ao centro directivo competente en materia de ordenación do territorio e urbanismo".

Esta competencia será exercida polo Pleno do dito órgano consultivo, de acordo co disposto no artigo 8 do referido decreto.

En atención ao exposto, e de conformidade co informe emitido polo Secretario Xeral de Vivenda e Urbanismo o 07.05.2025, infórmase favorablemente o proxecto de decreto polo que se regulan as entidades de certificación de conformidade municipal na Comunidade Autónoma de Galicia e o seu rexistro, para os efectos de que o dito órgano emita informe sobre o mesmo con carácter preceptivo.

DIRECCIÓN XERAL DE URBANISMO
CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

Edificio Administrativo de San Caetano
Edificio número 5, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 356
sxurb@xunta.gal
www.xunta.gal

